

EXPERIENCIA DO VOLUNTARIADO E ANIMACIÓN Á LECTURA NO IES A BASELLA

REUNION DE
VOLUNTAR i@S
2 RECREO ❤️ 😊

ÍNDICE

1.- Punto de partida no IES A Basella.

2.- Premisas a ter en conta na posta en marcha do Voluntariado.

3.- Obxectivos do Voluntariado.

4.- Organización do traballo.

5.- Algunhas claves para o bo funcionamento.

6.- Posibilidades de mellora.

7.- Animación á lectura: propostas.

REUNION DE
VOLUNTAR i@S
2 RECREO ❤️ 😊

1.- Punto de partida no IES A Basella.

O centro:

- O IES A Basella está na provincia de Pontevedra, en Vilanova de Arousa. O alumnado provén principalmente dos Concellos de Vilanova e a Illa de Arousa.
- Conta con 383 alumnos/as e 51 traballadores/as entre profesorado (45) e persoal non docente (6).
- Sensibilidade artística na contorna: figuras de Valle-Inclán, os irmáns Comba,...



Equipos con alumnado colaborador:

- No centro hai catro Clubs de Lectura:
 - 1º Ciclo da ESO.
 - 2º CICLO da ESO e Bacharelato
 - Club de Ciencia-Ficción, ESO e Bacharelato (novo).
 - Club de Cómic e Cinema.
 - Club de Adultos/as (traballadores/as do centro e familias).
- EDLG (alumnos/as e traballadores/as do centro).
- Voluntariado da Biblioteca.




1.2.- Premisas a ter en conta na posta en marcha do Voluntariado.

- VALORAR POSITIVAMENTE o Voluntariado no inicio de curso (Equipo da Biblioteca).
 - Establecer como un dos obxectivos primordiais converter ao alumnado en AXENTE ACTIVO no funcionamento da Biblioteca.
 - Deixar a coordinación a alguén interesado en INVOLUCRAR ao alumnado no funcionamento da Biblioteca e fomentar a súa CREATIVIDADE.
 - PUBLICITAR o Voluntariado por canles efectivas: reunións dos Clubs de Lectura, aviso polas aulas, Titores/as, RRSS da Biblioteca,...
 - Acordar co alumnado asistente o DÍA E LUGAR DE REUNIÓN SEMANAL.
 - Coordinar deixando aos/ás voluntarios/as MARXE DE ACCIÓN NA TOMA DE DECISIÓN.
- 
- A group of diverse students are seated in a circle in a library setting, engaged in a discussion. The room features bookshelves filled with books, a potted plant, and a decorative diamond-shaped mirror on the wall. The students are dressed in casual attire, and some are wearing face masks. The overall atmosphere is collaborative and focused.

2.- Obxectivos do Voluntariado I

- **DINAMIZAR A BIBLIOTECA:** o alumnado é axente creador e organizador.
- **ENRIQUECER A OFERTA CULTURAL:** novas actividades, incremento dos fondos co obxectivo de formar aos/ás usuarios/as.
- **TER VONTADE DE RENOVACIÓN:** dar ao/á voluntario/a a posibilidade de organizar actividades no eido cultural que respondan ás súas preferencias e intereses.



2.- Obxectivos do Voluntariado II

- FACER REFLEXIONAR aos/ás usuarios/as sobre a importancia do traballo cooperativo (e activo) cotián para o mellor funcionamento do centro.
- AUMENTAR O NÚMERO DE USUARIOS/AS da Biblioteca entre a Comunidade Escolar, formándoos no seu uso.
- FOMENTAR A PARTICIPACIÓN nas actividades de toda a Comunidade Escolar.

3.- Organización do traballo.


COORDINACIÓN: entre Equipo Directivo, Clubs de Lectura, EDLG e Dptos.

GRUPOS DE TRABALLO: escollecho ao alumnado segundo as súas preferencias.

COMUNICACIÓN: a través de mails, grupos de *Whatsapp* ou *Telegram* (previa autorización das familias cumprimentada).

ACTIVIDADES PROGRAMADAS: dar a coñecer as actividades fixadas e organizar as que se voian proponendo. Tipos de actividades:

- a) No espazo da Biblioteca.
- b) Fóra do espazo da Biblioteca.



ACTIVIDADES

NO ESPAZO FÍSICO DA BIBLIOTECA

- Ordenar e colocar novos fondos nos andeis.
- Préstamos e catalogación (supervisión do Equipo de Biblioteca).
- Obradoiros (*podcast, lettering, origami, cómic, ...*).
- Faladoiros e debates (tradición oral, poesía, medio ambiente, sexualidade,...).
- Recitais (Día da Poesía, Día de Rosalía, Letras Galegas,...).
- Expositores e decoración (semanas temáticas, Datas Sinaladas,...).
- Xestión dos xogos de mesa na Biblioteca.
- Exposicións, murais, seguindo as Datas Sinaladas ou actividades propostas.

ACTIVIDADES


FÓRA DO ESPAZO FÍSICO DA BIBLIOTECA

- Información e difusión: cartelería, avisos polas aulas, RRSS (páxina Web, bló, Instagram, Twitter, TikTok, Spotify,...).
- Biblioteca de Aula (escollo dos libros, colocación,...).
- Actividades na Hora de Ler (informar das novidades na Biblioteca).
- Adquisición de novos fondos.
- Actos das Datas Sinaladas ou actividades programadas (aulas, Salón de Actos, patio, contorna (roteiros teatralizados),...
- Xestión da sección *Libros á Solta* (ou #libroslibres).
- Apadriñamento Lector (centros de Primaria da vila).





4.- Algunhas claves para o bo funcionamento.

- 
- ✓ Motivar ao alumnado: valorar e agradecer as súas propostas.
 - ✓ Comprender as variables no grao de compromiso dos /as voluntarios/as.
 - ✓ Coordinarse entre grupos (Titores/as, Equipo de Biblioteca, Clubs de Lectura, EDLG,...).
 - ✓ Facer ao alumnado participe na difusión da información.
 - ✓ Aumentar as responsabilidades do alumnado voluntario ao longo do curso.
 - ✓ Premiar o traballo do alumnado (palabras públicas de agradecemento, agasallos, excursións culturais,...).
 - ✓ escoitar ao grupo e confiar na súa intuición creativa.

5.- Posibilidades de mellora.

- Organizar actividades conxuntas con outros grupos de Voluntariado nos centros da contorna.
- Dotar de máis capacidade de xestión e organización ao alumnado no funcionamento das Bibliotecas.
- Aumentar o número de horas lectivas da Biblioteca dos/das participantes nos Equipos das Bibliotecas Escolares.

6.- Animación á lectura: algunhas propostas.

- ✓ CLUBS DE LECTURA, VOLUNTARIADO (ACTIVIDADES DINAMIZADORAS)
- ✓ FALADOIROS, OBRADOIROS,...
- ✓ TEATRO/ PERFORMANCES (NAS DATAS SINALADAS,...).
- ✓ HORA DE LER/ BIBLIOTECAS DE AULA/ BIBLIOTECA DIXITAL (E-ELBE2).
- ✓ DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN NAS RRSS.
- ✓ RADIO ESCOLAR (PROGRAMACIÓN PERIÓDICA).
- ✓ INICIATIVAS SOLIDARIAS: LIBROS Á SOLTA (#LIBROSLIBRES).
- ✓ ESCOLA DE FAMILIAS (PROGRAMACION PERIÓDICA).
- ✓ COLABORACIÓN CON OUTROS CENTROS, CONCELLOS, ASOCIACIÓNS CULTURALS DA CONTORNA,...

MOITAS GRAZAS!!



<https://www.instagram.com/bibliobatea/>



<https://twitter.com/bibliobasella?lang=ga>

Bibliotecas
escolares
de Galicia

